B) Denegar a subvención ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro que seguen por non cumprir os requisitos necesarios para acceder á subvención solicitada:

As bases xerais reguladoras de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais, no artigo 1 indican que o obxecto das subvencións é financiar programas, proxectos ou actividades que, sendo considerados de interese, promoción social ou utilidade pública para o Concello de Ourense, no eido dos servizos sociais, promovan as asociacións e entidades sen ánimo de lucro; os devanditos programas, proxectos ou actividades deberán ir dirixidos de forma prioritaria a persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade social.

Asociación Gallega de Linfedema, Lipedema, Insuficiencia Venosa Crónica y otras Patoloxías Vasculares Periféricas (AGL) co NIF G 36479103 para o proxecto “ Camiñando co linfedema” Non cumpre o disposto no artigo 3.2 das bases reguladoras. Non queda acreditada ter sede ou delegación en Ourense.

Asociación de Déficit de Atención e Hiperactividad y Apoio Educativo de Pontevedra co NIF G94061355 para o proxecto “ Intervención con terapia cognitivo-condutual”.

Non cumpre o disposto no artigo 3.5 das bases reguladoras. Non consta inscrición no Rexistro de Entidades Municipais.

Asociación REMAR Galicia co NIF G 36786986 para o proxecto “Integra: detección, información e e acollida en vivendas e recursos para a inclusión de persoas e familias en situación de vulnerabilidade e exclusión social de Ourense

Non cumpre o artigo 5 das bases reguladoras por canto supera o máximo de gasto indirecto orzado (o gasto indirecto supera o gasto directo).

Asociación de Nenos e Nenas con Diabetes de Galicia (ANEDIA) co NIF G94079050 para o proxecto “ Somos tipo 1 Ourense”.

Non cumpre o artigo 2.2 das bases reguladoras: o importe da subvención supera o 75 % do custo do proxecto.

C) Declarar a desistencia na solicitude, por non ter contestado ao requirimento de emenda (artigo 7, 2º parágrafo das bases reguladoras).

Fundación Amigos de la Barrera co NIF G32321978 para o proxecto “Crisalide: acompañamento no duelo”

Asociación de Empresarias y Profesionales de Ourense co NIF G32104663 para o proxecto “Talleres de motivación, escaparatismo, comercio e cliente e defensa persoal”.

D) Aceptar a renuncia da subvención solicitada para a presente convocatoria polas seguintes entidades e para os seguintes proxectos.

Provivenda co NIF G79408696 para o proxecto “Fogares Ourense”

Segundo. Ordenar a publicación desta resolución na forma legal, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, publicación que substitúe a notificación, con todos os seus efectos, e faise constar que a dita resolución esgota a vía administrativa.



Contra a resolución poderase interpor, alternativamente, recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o órgano que ditou esta, dentro do prazo dun mes, consonte cos artigos 123 e 124 da Lei de procedemento administrativo e, recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, dentro do prazo de dous meses, ao abeiro do disposto nos artigos 8, 45 e 46 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Terceiro. Dar traslado da resolución á Tesourería Municipal.

Mándao e asínao o concelleiro de Política social, Seguridade cidadá e Mobilidade, en Ourense, na data da sinatura electrónica.

Asuntos sociales

De conformidad con el artículo 45.1b de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se comunica el contenido resolutivo de la convocatoria de subvenciones a asociaciones y entidades sin ánimo de lucro en materia de servicios sociales (BOP núm. 91, de 22 de abril de 2022), resolución emitida por Decreto 2022010894, de 25 de noviembre de 2022.

En virtud de lo dispuesto en el artículo 8 de las bases reguladoras de subvenciones a asociaciones y entidades sin ánimo de lucro en materia de servicios sociales (BOP núm. 163, de 17 de julio de 2019), y, en ejercicio de las competencias delegadas (Decreto de la Alcaldía núm. 2022007447, de 4 de agosto de 2022), resuelvo:

Primero. Aprobar la resolución de la convocatoria para la concesión de subvenciones a asociaciones y entidades sin ánimo de lucro en materia de servicios sociales del año 2022 con cargo a la partida 140.2318.48900 del presupuesto municipal vigente, de acuerdo con el siguiente detalle:

A.1) Adjudicar a las siguientes entidades sin ánimo de lucro que cumplen los requisitos y por los proyectos que se relacionan, la cuantía que asciende a 323.262,53€ (trescientos veintitrés mil, doscientos sesenta y dos euros con cincuenta y tres céntimos).

Entidad; NIF; proyecto; cuantía

Aixiña; G32144669; Servicio de transporte adaptado para personas con movilidad reducida del Ayuntamiento de Ourense; 27.930,00 €

Asociación Autismo Ourense; G32249484; Programa de promoción de la autonomía personal en personas con trastorno del espectro de autismo (TEA); 35.378,00€

Asociación Ourensana de Esclerosis Múltiple, ELA, Parkinson y otras enfermedades neurodegenerativas AODEMPER; G32209983; Proyecto interdisciplinar de atención a personas con enfermedades neurodegenerativas y sus familias de la provincia de Ourense. Año 2022; 22.344,00 €

Asociación de Familiares de Enfermos Mentais MOREA AFEM MOREA; G32187049; Integración social de personas con enfermedad mental severa y sus familias; 23.275,00 €

Federación de Asociaciones de Familiares y Personas con Enfermedades Mentales de Galicia (FEAFES GALICIA); G15545353; Servicio de prospección e inserción laboral para personas con enfermedades mentales; 9.034,00 €

Asociación por Eles TEA Ourense; G32490278; Centro de atención integral a personas con TEA; 31.619,00 €

Asociación de Familias, Profesionales e Investigadores/as de Personas con Trastorno del Espectro Autista de Ourense (TRAS-

COS); G32444119; Programa de desarrollo de las competencias de intersubjetividad y de las habilidades de comunicación social en personas con trastornos de la comunicación social y trastornos del espectro autista; 15.357,80 €

Asociación Española contra el Cáncer Ourense (AECC); G28197564; Servicio de ayuda y soporte psicosocial en el hogar especializado en Oncología; 27.011,66 €

Down Ourense; G32311870; Programa de Logopedia y comunicación para personas con discapacidad intelectual y/o con síndrome de Down, en particular; 24.335,65 €

Asociación de Personas Sordas de Ourense (APSOU); G32015463; Mejorando la accesibilidad de las personas sordas; 12.930,00 €

Comité Ciudadán Antisida Ourense; G32169609; Punto de encuentro Calor y Café; 1.939,50 €

Asociación de Enfermos de Crohn y Colitis Ulcerosa de Ourense ACCU; G32338725; Servicio de atención integral, promoción de la autonomía personal e inclusión social de las personas con enfermedades inflamatorias intestinales; 1.251,60 €

Asociación para a Prevención e a Educación Social (APES); G32383549; Emplea Bitácora TIC 'S'; 1.675,89 €

Asociación de Familias de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Ourense (AFAOR); G32198970; Puesta en marcha de centro de día especializado en Alzheimer; 24.197,60 €

Cáritas Diocesana de Ourense; R3200098F; Programa de actividades dirigidas a personas en situación de exclusión social severa y en riesgo de exclusión; 29.204,00 €

CIMO Entidade Prestadora de Servicios; G32010449; Empléate; 9.620,07 €

Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento FADEMGAL Plena inclusión Galicia; G36620037; Servicios de empleo para personas con discapacidad intelectual de Ourense; 4.797,80 €

Asociación Red Madre Ourense; G32394082; Ángela 2022; 2.420,40 €

Xarela Formación-Animación; G32261307; Programa Ágora, construyendo un futuro; 7.252,55 €

Asociación de Personas con Discapacidad de Ourense ADO; G32410797; Respiro familiar; 11.688,00 €

A.2). No es posible adjudicar ninguna contía, por falta de crédito presupuestario, a las siguientes entidades que cumplen los requisitos y para los siguientes proyectos:

Asociación de Fibromialgia, Síndrome de Fatiga Crónica y Sensibilidad Química de Ourense AFFOU con NIF G32303802, para el proyecto "Atención psicosocial y rehabilitador a las personas con fibromialgia y fatiga crónica y a sus familiares"

Fundación Neuroburgas daño neurológico con NIF G32472763 para el proyecto "Rehabilitación logopédica en personas con daño neurológico"

Valores C innovation con NIF G70377585 para el proyecto "A tribo de Malala"

Fundación Amigos de Galicia con NIF G15859911 para el proyecto "Plan integral de lucha contra la pobreza y la exclusión social. Integración sociolaboral en el Ayuntamiento de Ourense."

Asociación Diabética Auria con NIF G32290546 para el proyecto "Prevención y control de la diabetes: diabetes actúa".

ALCER Ourense con NIF G32011041 para el proyecto "Alcer contigo".

Asociación de Dano Cerebral RENACER con NIF G32306623 para el proyecto "Integración y apoyo social en las familias con daño cerebral adquirido".

DISCAFIS-COGAMI con NIF G32117889 para el proyecto “Atención integral para personas con discapacidad del Ayuntamiento de Ourense”.

Fundación INGADA con NIF G70394374 para el proyecto “TDAH en la comunidad”.

Asociación Esgaia Inserta con NIF G16918641 para el proyecto “Es xove EsGaia”

Asociación Xuvenil Amencer con NIF G 32025405 para el proyecto “Tempo libre para todos”

B) Denegar a las asociaciones y entidades sin ánimo de lucro la subvención por no cumplir los requisitos necesarios para acceder a la subvención solicitada:

Las bases generales reguladoras de subvenciones a asociaciones y entidades sin ánimo de lucro en materia de servicios sociales, en el artículo 1 indican que el objeto de las subvenciones es financiar programas, proyectos o actividades que, siendo considerados de interés, promoción social o utilidad pública para el Ayuntamiento de Ourense, en el campo de los servicios sociales, promuevan las asociaciones y entidades sin ánimo de lucro; dichos programas, proyectos o actividades deberán ir dirigidas de forma prioritaria a las personas y colectivos en situación de vulnerabilidad social.

Asociación Gallega de Linfedema, Lipedema, Insuficiencia Venosa Crónica y otras Patologías Vasculares Periféricas (AGL) con NIF G36479103 para el proyecto “Caminando con el linfedema”

No cumple lo dispuesto en el artículo 3.2 de las bases reguladoras. No queda acreditado tener sede o delegación en Ourense.

Asociación de Déficit de Atención e Hiperactividad y Apoyo Educativo de Pontevedra con NIF G94061355 para el proyecto “Intervención con terapia cognitivo-conductual”.

No cumple lo dispuesto en el artículo 3.5 de las bases reguladoras. No consta inscripción en el Registro de Entidades Municipales.

Asociación REMAR Galicia con NIF G 36786986 para el proyecto “Integra: detección, información y acogida en viviendas y recursos para la inclusión de personas y familias en situación de vulnerabilidad y exclusión social de Ourense

No cumple el artículo 5 de las bases reguladoras por cuanto supera el máximo de gasto indirecto presupuestado (el gasto indirecto supera el gasto directo).

Asociación de Nenos e Nenas con diabetes de Galicia (ANEDIA) con NIF G94079050 para el proyecto “Somos tipo 1 Ourense”.

No cumple el artículo 2.2 de las bases reguladoras: el importe de la subvención supera el 75 % del coste del proyecto.

C) Declarar el desistimiento en la solicitud por no haber contestado al requerimiento de enmienda (artículo 7, 2º párrafo de las bases reguladoras).

Fundación Amigos de la Barrera con NIF G32321978 para el proyecto “Crisalida: acompañamiento en el duelo”

Asociación de Empresarias y Profesionales de Ourense con NIF G32104663 para el Proyecto “Talleres de motivación, escaparatismo, comercio y cliente y defensa personal”.

D) Aceptar la renuncia de la subvención solicitada para la presente convocatoria por las siguientes entidades y para los siguientes proyectos.

Provivienda con NIF G79408696 para el proyecto “ Hogares Ourense”

Segundo. Ordenar la publicación de esta resolución en la forma legal, en el Boletín Oficial de la Provincia y en la página web municipal, publicación que sustituye a la notificación, con

todos sus efectos, haciendo constar que dicha resolución agota la vía administrativa.

Contra la resolución se podrá interponer, alternativamente, recurso de reposición, con carácter potestativo, ante el órgano que dictó esta, dentro del plazo de un mes conforme con los artículos 123 y 124 de la Ley de Procedimiento Administrativo y recurso contencioso-administrativo ante el juzgado de lo contencioso-administrativo de Ourense, dentro del plazo de dos meses, al amparo de lo dispuesto en los artículos 8, 45 y 46 de la Ley 28/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso Administrativa.

Tercero. Dar traslado de la resolución a la Tesorería Municipal.

Lo manda y lo firma el concejal de Política social, Seguridad Ciudadana y Movilidad, en Ourense, en la fecha de la firma electrónica.

R. 2.913

Parada de Sil

O Concello de Parada de Sil, na sesión ordinaria do 3 de novembro de 2022, adoptou o acordo inicial de aprobación da Ordenanza reguladora da limpeza e valado de terreos e soares.

En cumprimento do que dispón o artigo 49.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

Unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presentaren reclamacións, o dito acordo considerárase definitivamente aprobado.

Parada de Sil, 16 de novembro de 2022. O alcalde.

Asdo.: Aquilino Domínguez Díaz.

El Pleno del Ayuntamiento de Parada de Sil, en la sesión ordinaria de 3 de noviembre de 2022, adoptó el acuerdo inicial de aprobación de la Ordenanza Reguladora de la Limpieza y Vallado de Terrenos y Solares.

En cumplimiento de lo que dispone el artículo 49.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se somete el expediente a información pública por el plazo de treinta días, que se contarán desde el día siguiente al de publicarse este anuncio, para que los/as interesados/as puedan examinar el expediente y presentar las alegaciones que consideren oportunas.

Una vez transcurrido dicho plazo sin que se hubiesen presentado reclamaciones, dicho acuerdo se considerará definitivamente aprobado.

Parada de Sil, 16 de noviembre de 2022. El alcalde.

Fdo.: Aquilino Domínguez Díaz.

R. 2.804

Porqueira

Por Resolución da Alcaldía, do día 29/11/2022, apróbanse a contratación, en réxime laboral temporal, polo sistema de concurso de méritos e as bases que rexerán a contratación dun/dunha auxiliar de axuda no fogar e, en consecuencia, publíquese o resumo da convocatoria para xeral coñecemento e chamamento ao concurso.



1. Número de prazas: 1.
2. Denominación: auxiliar de axuda no fogar.
3. Modalidade de contratación: contrato laboral temporal por substitución.
4. Xornada: completa.
5. Sistema de selección: concurso.
6. Duración do contrato: ata que finalice o proceso de selección en curso para cubrir a praza en réxime laboral fixo.
7. Prazo e lugar de presentación das solicitudes: 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro Xeral do Concello de Porqueira, situado na estrada de Xinzo a Bande, núm. 4, Forxa, 32643 (Ourense), en horario de 9:00 a 14:30 horas, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/1015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; neste último caso será necesario notificarllo ao concello mediante correo electrónico no enderezo concello.porqueira@eidolocal.es.
8. Bases: o texto íntegro das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Porqueira e na sede electrónica <https://porqueira.sedelectronica.gal/info.0>.
Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan e de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste concello e no taboleiro de anuncios.
A alcaldesa. Asdo: Susana Vázquez Dorado.

Por Resolución de la Alcaldía, del día 29/11/2022, se aprobaron la contratación en régimen laboral temporal, por el sistema de concurso de méritos y las bases que regirán la contratación de un/a auxiliar de ayuda a domicilio y, en consecuencia, se publica el resumen de la convocatoria para general conocimiento y llamamiento al concurso.

1. Número de plazas: 1.
2. Denominación: auxiliar de ayuda a domicilio.
3. Modalidad de contratación: contrato laboral temporal por substitución.
4. Jornada: completa.
5. Sistema de selección: concurso.
6. Duración del contrato: hasta que finalice el proceso de selección en curso para cubrir la plaza en régimen laboral fijo.
7. Plazo y lugar de presentación de las solicitudes: 5 días hábiles contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, en el Registro General del Ayuntamiento de Porqueira, situado en la carretera de Xinzo a Bande, núm. 4, Forxa, 32643 (Ourense), en horario de 9:00 a 14:30 horas, o a través de cualquiera de los medios que prevé la Ley 39/1015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas; en este último caso será necesario notificárselo al ayuntamiento mediante correo electrónico en la dirección concello.porqueira@eidolocal.es.
8. Bases: el texto íntegro de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Porqueira y en la sede electrónica <https://porqueira.sedelectronica.gal/info.0>.
Los sucesivos anuncios de esta convocatoria, cuando procedan y de conformidad con las bases, se publicarán en la sede electrónica de este Ayuntamiento y en el tablón de anuncios.
La alcaldesa. Fdo.: Susana Vázquez Dorado.

R. 2.914

Rubiá

Logo de aprobar, por Resolución da Alcaldía núm. 131/2022, do 09/11/2022, as bases e a convocatoria para cubrir a praza de administrativo/a para o Concello de Rubiá, por promoción interna, mediante concurso-oposición, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de vinte días hábiles, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria: “Primeira. Obxecto da convocatoria

É obxecto das presentes bases a provisión en propiedade da praza que se inclúe na Oferta pública de emprego correspondente ao exercicio do ano 2021, aprobada por Acordo da Alcaldía do 26 de outubro de 2021 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 29, do 2 de decembro (núm 277) e 10 de decembro de 2020 (núm. 282), cuxas características son:

Escala de Administración xeral, subescala administrativa, clase administrativo/a, correspondente ao grupo C, subgrupo C1, sistema de acceso por promoción interna, e se ten dotada no Orzamento do Concello.

Segunda. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos, será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co que establece o artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro:

- a) Ser funcionario/a de carreira do Concello de Rubiá, pertencente á escala de Administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2.
- b) Ter unha antigüidade, de, polo menos, dous anos como persoal funcionario de carreira no corpo ou escala desde o que se accede.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- d) Non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- e) Non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- f) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes, do título de bacharelato, técnico/a ou equivalente ou ter unha antigüidade de 10 anos na subescala auxiliar da escala de Administración xeral, grupo C, subgrupo C-2 (ou anterior grupo D) ou de 5 anos e superar un curso específico de formación.
- g) Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 3). No caso de non presentar este certificado, a persoa interesada deberá superar un exercicio previo e eliminatorio de tradución, que constará de dúas probas:
 - Unha primeira proba que consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo Tribunal.

- Unha segunda proba que consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo Tribunal. O tempo máximo para realizar o exercicio será, en cada caso, dunha hora. Este exercicio valorarase como apto ou non apto; para supéralo, será necesario obter o resultado de apto e corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto.

Terceira. Forma e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes en que se require participar nas correspondentes probas de acceso nas que as persoas aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza á que opten, dirixiranse ao alcalde do Concello de Rubiá e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste concello ou nalgún dos lugares que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de vinte días hábiles, que contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello.

Cuarta. Admisión de aspirantes

Unha vez expirado o prazo de presentación das solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo máximo dun mes, onde declarará aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste concello [<http://rubia.sedelectronica.gal>], concederá un prazo de dez días hábiles para a emenda.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 30 días desde que finalice o prazo para presentación. Unha vez transcorrido o dito prazo sen que se ditara resolución ningunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Unha vez vistas as alegacións presentadas, por resolución de Alcaldía, realizarase a aprobación definitiva da lista de persoas admitidas e excluídas, que, igualmente será obxecto de publicación na sede electrónica deste concello [<http://rubia.sedelectronica.gal>]. Nesta mesma publicación, faranse constar o día, hora e lugar en que deberán realizarse as probas. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

Quinta. Tribunal cualificador

Formarán o Tribunal cinco funcionarios/as da Administración Local.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes.

O persoal de elección ou de designación política, os/as funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual; non se poderá representar esta en representación ou por conta de ninguén.

O número dos/as membros dos tribunais nunca será inferior a cinco, así mesmo, a súa composición será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sexta. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso
Procedemento de selección

O sistema de selección será de concurso-oposición por promoción interna

O procedemento constará das seguintes fases:

- Oposición.
- Concurso.

Fase de oposición

A fase de oposición consistirá na realización de dúas probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para as persoas aspirantes.

As persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único; serán excluídas da oposición as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento, o Tribunal poderá requirir os/as opositores/as para que acrediten a súa personalidade.

As persoas candidatas deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

O exercicio das probas será obrigatorio e eliminatorio; calificaranse até un máximo de sesenta puntos; serán eliminadas as persoas aspirantes que non alcancen un mínimo de trinta puntos. A puntuación de cada un dos exercicios acharase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

Primeiro exercicio: proba tipo test

Consistirá en contestar, nun tempo máximo de 90 minutos, un cuestionario de 60 preguntas, con tres respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa establecido nesta base. Cuestionario determinado polo Tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Cada pregunta formulada terá tres opcións; será unha delas unicamente a correcta. Non se penalizarán as respostas incorrectas nin as respostas en branco.

Esta proba cualificarase de 0 a 30 puntos; será necesario para aprobar obter una cualificación de 15 puntos.

O criterio esencial de valoración desta proba é o acerto nas alternativas propostas.

Segundo exercicio: proba práctica

Consistirá na resolución escrita dun suposto práctico, para elixir polos/as aspirantes entre dous supostos propostos polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, que poderá conter un ou varios exercicios, durante o período máximo dunha hora, tendente a acreditar os coñecementos da persoa aspirante en relación coas funcións e habilidades propias da praza.

O criterio esencial de valoración desta proba é a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

No caso de que o Tribunal estableza varias preguntas e que non se valoren de forma idéntica todas elas, deberá dárseles a coñecer aos/ás aspirantes a puntuación de cada pregunta con carácter previo ao inicio da proba. De non especificarse a puntuación de cada pregunta, reputarase que teñen idéntica valoración cada unha delas.

Este exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos; para aprobar será necesario obter unha cualificación de 15 puntos.

Contido do programa:

Tema 1. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: os interesados no procedemento administrativo. Capacidade de obrar.



Concepto de interesado: representación. Pluralidade de interesados e novos interesados no procedemento

Tema 2. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: dereito e obriga de relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Lingua dos procedementos. Colaboración das persoas e responsabilidade da tramitación

Tema 3. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: garantías do procedemento, iniciación do procedemento

Tema 4. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: ordenación do procedemento

Tema 5. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas: instrución do procedemento

Tema 6. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas: finalización do procedemento

Tema 7. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: os recursos administrativos. Principios xerais, clases e regulación

Tema 8. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: obxecto. Ámbito subxectivo, principios xerais. Principios de intervención das administracións públicas para o desenvolvemento dunha actividade

Tema 9. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: órganos colexiados das distintas administracións públicas. Réxime. Secretario/a. Convocatoria e sesións. Actas

Tema 10. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: abstención e recusación

Tema 11. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: esixencia da responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas

Tema 12. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: a sede electrónica. Portal de internet. Firma electrónica do persoal ao servizo das administracións públicas. Arquivo electrónico de documentos

Tema 13. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: obxecto, principios e ámbito de aplicación

Tema 14. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: clases de persoal

Tema 15. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: especialidades do persoal ao servizo das entidades locais

Tema 16. Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. Deberes dos/as empregados/as públicos/as. Principios éticos. Principios de conducta

Tema 17. Real decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos/as funcionarios/as da Administración Local: retribucións dos/as funcionarios/as da Administración Local

Tema 18. Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais: da Tesourería das entidades locais

Tema 19. Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais: dos orzamentos das entidades locais. Contido e aprobación: definición, ámbito temporal, contido do orzamento xeral, anexos

Tema 20. Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais: procedemento de elaboración e aprobación inicial e definitiva e entrada en vigor dos orzamentos das entidades locais

Fase de concurso

[De conformidade co artigo 61.3 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, os procesos selectivos que inclúan, ademais das preceptivas probas de capacidade, a valoración de méritos dos/as aspirantes só lle poderán outorgar á devandita valoración unha puntuación proporcionada que non determinará, en ningún caso, por si mesma, o resultado do proceso selectivo].

Baremo de méritos

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación, por parte do Tribunal, dos méritos que concurran en cada un dos/as aspirantes, para o cal se xuntarán coa solicitude os documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias compulsadas) que consideren oportunos.

Os méritos alegados deben posuírse na data de finalización do prazo para presentar as solicitudes (e manterse durante todo o proceso); non se poderán valorar méritos obtidos con posterioridade á dita data. A valoración máxima será de 40 puntos

1. Valoración da antigüidade (máximo 20 puntos)

Por cada ano de servizos prestados como funcionario/a no Concello de Rubiá na subescala, clase e categoría de procedencia, con desempeño real do posto: 3 puntos (Os períodos inferiores ao ano ratearanse por meses para o seu cómputo).

2. Valoración de formación complementaria (máximo 20 puntos)

Pola realización de cursos ou obradoiros de especialización, asistencia a seminarios, xornadas, congresos ou similares, en materias relacionadas co posto de traballo impartidos por centros oficiais, organismos ou empresas que teñan relación directa cos coñecementos esixidos para o desempeño do posto.

Se non constasen o número de horas pero si o de días ou xornadas, teranse en conta contabilizando cada día ou xornada por 6 horas.

- Ata 15 horas: 0,50 puntos.
- De 16 a 20 horas: 0,75 puntos.
- De 21 a 40 horas: 1 puntos.
- De 41 a 70 horas: 1,5 puntos.
- De 71 a 100 horas: 2 puntos.
- De 101 a 200 horas: 3 puntos.
- De 201 a 300 horas: 4 puntos.
- Máis de 300 horas: 6 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao que dispón o artigo 44 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que, en caso de empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada aos méritos enunciados no apartado primeiro deste artigo segundo a orde establecida. De persistir o empate, acudirase á data de ingreso como funcionario/a de carreira no corpo ou escala desde o que se concurra e, na súa falta, ao número obtido no proceso selectivo.

Sétima. Cualificación

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e a obtida na fase de concurso.

En caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante con maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate, polo que obtivese maior puntuación no apartado de grao persoal, se seguise o empate, o/a de maior idade

Oitava. Relación de persoas aprobados, presentación de documentos e nomeamento

Una vez rematada a cualificación das persoas aspirantes, o Tribunal propondrá o/a nomeamento do/a aspirante que supere a fase de oposición e a fase de concurso.

As persoas aspirantes propostas achegarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días hábiles, desde que se publican no taboleiro de anuncios do Concello, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

As persoas que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeadas, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

[Os/as que tivesen a condición de funcionarios/as públicos/as estarán exentos/as de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento e deberán presentar unicamente unha certificación do Ministerio ou do organismo do que dependan, en que se acredite a súa condición e as demais circunstancias que consten no seu expediente persoal].

O alcalde deberá de nomear funcionario/a o/a aspirante proposto/a. O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Unha vez publicado o nomeamento de funcionario/a, este/a deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo dun mes.

Novena. Incompatibilidades

